

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026406	IES Eduardo Pondal	Ponteceso	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	6
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	6
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	10
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	10
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	11
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	12
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	13
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	14
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	15
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	22
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	23
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	25
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	25
o) Outros apartados	26

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

A finalidade das etapas da ESO e Bacharelato é lograr que o alumnado adquira os elementos básicos da cultura e desenvolver e consolidar hábitos de estudo, traballo e saúde que preparen ao alumnado no exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns.

a.1. Adecuación dos obxectivos xerais da ESO ao contexto do centro.

Segundo o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 7 a ESO contribuirá a desenvolver no alumnado uns obxectivos de etapa que serán adecuados ao contexto do centro.

Tendo en conta o estudo e as características do alumnado e do entorno a adecuación dos obxectivos será a seguinte:

Obxectivos da etapa da ESO (Artigo 7)

Obxectivo a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

Este obxectivo contribuirá a formar no alumnado o exercicio responsable dos seus deberes e dereitos practicando a tolerancia, a cooperación e a solidariedade cós demais. Exercendo unha responsabilidade crítica e democrática cuxos valores comúns teñan como punto de partida os dereitos humanos.

Obxectivo b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

O desenvolvemento de hábitos saudables onde o compromiso e a responsabilidade sexan unha condición necesaria para conseguir a realización eficaz de calquera propósito que leve como fin último o desenvolvemento persoal.

Obxectivo c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

Loitar contra os estereotipos e a discriminación de calquera tipo, valorando e respectando a diversidade individual e grupal, e rexeitando aquelas ideas ou accións que supoñan calquera tipo de discriminación.

Obxectivo d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

O desenvolvemento do individuo como fin último en todos os ámbitos da personalidade e do pensamento, socializando e empatizando coas demais persoas e rexeitando calquera tipo de violencia ou prexuízo a través dunha resolución non violenta dos conflitos.

Obxectivo e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

Neste obxectivo contribúe o desenvolvemento de estratexias de análise da información e da opinión que leven a un proceso de crítica razoada dende o coñecemento reflexivo da utilización e funcionamento das tecnoloxías. O pensamento crítico baseado en evidencias e uso de probas que leven a un proceso de argumentación crítica que permita a adquisición de novos coñecementos.

Obxectivo f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

A ciencia como unha actividade colectiva e non individual integrada multidisciplinarmente para ampliar o coñecemento na resolución de problemas da sociedade.

Obxectivo g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

O desenvolvemento dunha personalidade con capacidade e confianza para adquirir coñecementos por si mesmo, tomar decisións e asumir a responsabilidade consecuente da súa iniciativa persoal que teña como elementos clave a capacidade, o sentido crítico, a participación cidadá colectiva e individual e un espírito crítico.

Obxectivo h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

A expresión correcta oral e escrita das lingua galega e castelán como pilar necesario e complementario para calquera coñecemento, pero tamén como vehículo de transmisión de dito coñecemento. Valorar o patrimonio cultural galego e castelán literario iniciático que teña como base unha capacidade de comprensión lectora adecuada.

Obxectivo i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

A multiculturalidade dende a comprensión e a expresión noutras linguas como enriquecemento da personalidade, e como motor do respecto a diversidade cultural e a integración, tolerancia e defensa de todas as linguas, culturas e

nacións do noso planeta.

Obxectivo j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

Este obxectivo pon en valor o patrimonio cultural e artístico tanxible e intanxible dos pobos dende o respecto e o coñecemento básico cultural propios e alleos.

Obxectivo k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

A formación integral do individuo dende o autoconecemento fisiolóxico e anatómico e as diferenzas, apreciando os hábitos saudables e incorporando elementos hixiénicos, físicos e mentais como parte integral da saúde, rexeitando aqueles aspectos que lamen o desenvolvemento integral da persoa. Dita formación leva asociado o coñecemento, respecto e valoración da diversidade sexual, e o rexeitamento de posturas intolerantes. O fomento da crítica e valoración persoal de aqueles hábitos nocivos para a saúde, pero tamén aqueles hábitos que levan o coidado e respecto dos seres vivos e do medio onde vivimos como mecanismo de conservación e mellora do noso entorno.

Obxectivo l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

A representación artística como medio de transmisión de ideas e valores, comprendendo os movementos e manifestacións culturais e a súa expresión como manifestación de tales ideas e valores apreciando a creación e comprendendo as linguaxes empregadas.

Obxectivo m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Fomentar a participación, respecto e interese nas diversas formas de patrimonio Galego para a súa mellor preservación e conservación entendendo isto como un dereito inherente de todos os pobos e persoas que debe ser exercicio dende o coñecemento e valoración.

Obxectivo n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

A nosa lingua como medio e fin para o desenvolvemento integral como cidadáns democráticos, críticos e tolerantes, como medio de relación intercultural e interpersonal cun patrimonio extenso e rico que debe ser protexido dende a propia iniciativa persoal e social dende todos os ámbitos de participación cidadá.

a.2. Adecuación dos obxectivos xerais do Bacharelato ao contexto do centro.

Segundo o decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 7, o Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado uns obxectivos de etapa que serán adecuados ao contexto do centro.

De igual forma o establecido para a etapa obrigatoria, a adecuación dos obxectivos será a seguinte:

Obxectivos da etapa da BACHARELATO (Artigo 7)

Obxectivo a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

Este obxectivo contribúe a formar un alumnado consciente dos seus dereitos e deberes como cidadáns. Implicar ao alumnado nos procesos internos de elección democrática, e a participar nos procesos de representación colectiva asumindo responsabilidades no funcionamento da sociedade.

Obxectivo b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

A resolución pacífica de conflitos persoais, familiares ou sociais debe partir da prevención e as posibles respostas ante a súa aparición que debe ser tarefa de toda a comunidade educativa e debe ser potenciada dende todos os elementos que conforman a comunidade de forma activa e colaborativa. O respecto as noras e o seu cumprimento debe ser exercida por familias, profesorado e alumnado de forma integrada e responsable.

Obxectivo c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

É importante que o alumnado teña conciencia de calquera discriminación como pedida preventiva pero tamén reactiva, valorando os roles das persoas na sociedade a todos os niveis. A cidadanía activa e participativa como media de integración de todas os individuos e culturas, e como posta en valor da riqueza da multiculturalidade. A transmisión integral de valores e pautas de comportamento dende todos os ángulos da persoa a través das familias, do profesorado, da sociedade e do alumnado.

Obxectivo d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Fomentar os hábitos académicos de estudo e disciplina como condición necesaria para un aproveitamento e aprendizaxe integral e interrelacionado e como medio para o desenvolvemento propio e colectivo. Potenciar a lectura como base de este aprendizaxe e o uso responsable dos recursos do centro, valorando a biblioteca como fonte de recursos pero tamén como lugar de participación individual e colectiva.

Obxectivo e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

A participación do alumnado e profesorado na vida escolar a través do uso escrito e oral da lingua galega e da lingua castelán non só como vehículo de transmisión sino como valor propio de coñecemento a través da súa riqueza literaria.

Obxectivo f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

A adquisición de fluidez e corrección noutras linguas como mecanismos de coñecemento e respecto polas culturas e diversidade do noso planeta. As sociedades actuais globalizadas requiren da apreciación e comprensión de outras realidade que requiren do coñecemento e respecto polas linguas estranxeiras.

Obxectivo g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

Exercer unha cidadanía crítica e responsable a través do coñecemento do funcionamento e uso das fontes de información dende un análise e selección de información baseado na valoración crítica persoal e informada de ditas fontes.

Obxectivo h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

A sociedade actual individualista require dun coñecemento e valoración crítica da realidade baseada no coñecemento histórico, cultural e evolución do pensamento e da sociedade a través dos séculos para fomentar un espírito crítico e participativo no alumnado que transforme dita sociedade. Por outro lado, este alumnado participativo debe ter como elemento común unha formación solidaria e altruísta que permita o desenvolvemento, a transformación e mellora da sociedade actual nunha sociedade integradora, diversa, tolerante e democrática.

Obxectivo i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

O coñecemento cultural debe ser integral tanto humanística como cientificamente, as habilidades básicas deben ser desenvoltas dende a modalidade de bacharelato escollida para unha formación da personalidade completa.

Obxectivo j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

O método científico como base do coñecemento e evolución da ciencia e tecnoloxía actuais como condicionante da vida. A valoración, respecto e comprensión do coñecemento científico e as súas metodoloxías para construír unha personalidade responsable, respectuosa e sensible coas persoas, os seres vivos e o medio ambiente.

Obxectivo k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

O aprendizaxe e formación do alumnado na creatividade, iniciativa, colaboración e sinerxía a través da confianza nas capacidades propias e dos demais, e un sentido e análise crítico e construtivo. O espírito emprendedor como mecanismos indutor que permite un cambio na nosa sociedade.

Obxectivo l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

O alumnado desenvolverá a capacidade de formular opinións críticas propias ante calquera expresión artística coa sensibilidade artística e literaria necesarias. Dita capacidade será froito do enriquecemento cultural e formativa potenciado por actividades dentro e fora do centro.

Obxectivo m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

A formación integral do alumnado debe incluír a cultura do deporte e da actividade física como parte da formación dunha cidadanía crítica e responsables. A participación nas actividades deportivas constitúe un elemento da formación do alumnado como parte integral do benestar físico e mental e o desenvolvemento persoal e integración social.

Obxectivo n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

A responsabilidade do alumnado non vai só nos aspectos culturais, deportivos, científicos ou sociais, a saúde é un todo onde minimizar os factores de risco é parte intrínseca da persoa. A seguridade viaria ou os hábitos saudables son parte complementaria de dita formación.

Obxectivo o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

A responsabilidade fronte a sociedade para a protección do noso planeta e a herdanza das xeración futuras debe ser un dos fins últimos da formación completa dunha cidadanía crítica.

Obxectivo p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Por último, a conciencia e responsabilidade histórica e cultural debe ser creada e fomentada dende o coñecemento, valoración e concienciación da responsabilidade individual e colectiva sobre o patrimonio da nosa terra para preservar que o legado das xeración pasadas chegue as futuras xeracións.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

As competencias básicas serían aquela combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción educativa eficaz. O equipo docente do IES Eduardo Pondal procura o desenvolvemento das competencias clave do alumnado por medio de estratexias como a planificación de tarefas, proxectos interdisciplinares e colaborativos, etc. As programacións didácticas dos diferentes departamentos didácticos incluírán aqueles aspectos que contribúen á consecución das competencias clave por parte de todo o alumnado, que para cada etapa son as seguintes:

b1. A contribución á adquisición das competencias na ESO.

Segundo o Decreto 156/2022 no seu artigo 8, as competencias clave da etapa son:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

b2. A contribución á adquisición das competencias no Bacharelato.

Segundo o Decreto 157/2022 no seu artigo 8, as competencias clave da etapa son:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Nos Decretos 156/2022 e 157/2022 establécense unha serie de principios pedagóxicos e elementos transversais que deben incorporarse nas programacións didácticas e nos documentos de centro de forma coordinada.

c.1. Criterios para desenvolver os principios pedagóxicos.

c.1.1- NA ESO

No artigo 17 do Decreto 156/2022 establécense os seguintes principios pedagóxicos para a ESO:

1. Na educación secundaria obrigatoria os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e poñerase especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións.

2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das materias ou dos ámbitos.
3. Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.
4. A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a práctica docente de todas as materias, de xeito que se garanta nesta a incorporación dun tempo de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular.
5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.
6. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, daráselles prioridade á comprensión, á expresión e á interacción oral.

c1.2- EN BACHARELATO

Mentres que para a etapa postobrigatoria de Bacharelato establece o Decreto 157/2022 no seu artigo 18 os seguintes principios:

1. No bacharelato, os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e favorecerán a súa capacidade para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promoverlo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.
2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas. Así mesmo, a acción educativa favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das materias.
3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.
4. A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar e estimular as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e de se expresar correctamente en público, os centros docentes organizarán a práctica docente de xeito que o profesorado nas distintas materias as poida incorporar nos termos recollidos na súa concreción curricular.
5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.
6. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, priorizaranse a comprensión, a expresión e a interacción oral.

Tendo en conta o anterior, establécense na presente concreción curricular os seguintes criterios que permiten desenvolver os mencionados principios pedagóxicos. Criterios para desenvolver os principios pedagóxicos no IES Eduardo Pondal:

1. As propostas pedagóxicas prestarán especial énfase no acceso do alumnado a unha educación básica e a atención á diversidade do alumnado. Utilizando as alternativas metodolóxicas que os departamentos didácticos e a autonomía do profesorado consideran adecuadas en cada caso.
2. Entre as alternativas metodolóxicas contemplaranse o uso das novas tecnoloxías, o traballo colaborativo en equipos ou grupos, e outras que os departamentos didácticos consideren e incorporen nas súas programacións didácticas.
3. As propostas pedagóxicas poderán ser diversas, dacordo coas características específicas do grupo e facilitarán o desenvolvemento de estratexias que permitan o traballo por competencias.
4. As propostas pedagóxicas adecuaranse á diversidade de ritmos e formas de aprendizaxe, prestarán atención ás dificultades de aprendizaxe na medida que sexan detectados, procurando a adquisición e desenvolvemento de competencias clave acordes có perfil de saída das etapas obrigatoria e postobrigatoria establecidos na lexislación.
5. As propostas axustaranse o nivel inicial do que parte o alumnado e facilitarán o desenvolvemento e a evolución do alumnado o longo do curso.
6. Potenciarase a aprendizaxe autónoma, activa e participativa do alumnado de todos os niveis.
7. Todas as materias contribuirán o desenvolvemento, promoción e emprego das novas tecnoloxías de información e comunicación tanto na aula como recurso metodolóxico complementario na formación do alumnado.
8. Empregárase na medida do posible o traballo colaborativo e en equipo como elemento de dinamización das sesións de clase e da sociabilización do alumnado, así como o intercambio verbal e colectivo de ideas.
9. A comprensión lectora será un eixo principal entre as diferentes materias e niveis do centro que será promovido e facilitado por toda a comunidade educativa.
10. O proxecto lingüístico do centro será integrado, plurilingüe e participativo, valorando os aspectos diferencias e únicos das diferentes linguas e a súa riqueza patrimonial intrínseca.
11. A expresión oral e escrita será un elemento transversal as diferentes materias, tendo relevancia o seu desenvolvemento dende todos os aspectos educativos do centro.
12. O uso das matemáticas e os coñecementos científicos e culturais deberán fomentarse dende todas as materias e niveis, sendo importante nas metodoloxías e estratexias da diferentes materias a incorporación e fomento do seu uso e coñecemento.
13. O fomento e desenvolvemento das habilidades de comunicación por todo tipo de medios deberá ser consideradas como parte básica e integral dentro das estratexias e metodoloxías que se poden empregar nos diferentes niveis.
14. O proxecto competencial xogará un papel relevante no asentamento das bases de comunicación e uso das habilidades competencias do alumnado o longo da etapa obrigatoria.
15. O desenvolvemento integral da personalidade e a formación dunha cidadanía crítica, instruída, activa e participativa será un elemento clave de todas as metodoloxías das diferentes materias.

c.2. Criterios para incorporar os elementos transversais.

De forma unitaria cos principios e criterios pedagóxicos establecidos no punto anterior os Decretos 156 e 157 establecen uns elementos transversais que deberán ser traballados e incorporados en todas as materias ao longo da escolarización do alumnado e, posteriormente, nas etapas postobrigatorias. Nas programacións didácticas dos departamentos establécense a concreción do tratamento de ditos elementos transversais indicando nesta concreción os criterios de incorporación.

c.2.1- O Decreto 156/2022 no seu artigo 18 indica que os elementos transversais da ESO son os seguintes:

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballarase en todas as materias.
2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.
4. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.
5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

c.2.2- O Decreto 157/2022 no seu artigo 18 indica que os elementos transversais na etapa postobrigatoria de Bacharelato son os seguintes:

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballarase en todas as materias.

2. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.

3. Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporarase transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, tranxénico e intersexual. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

4. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Tendo en conta o anterior, establécense os seguintes elementos transversais que deben ser incorporados nas estratexias didácticas das materias:

- Comprensión lectora e expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual e dixital.
- Emprendemento social e empresarial.
- Fomento do espírito crítico e científico.
- Educación emocional e en valores.
- Igualdade de xénero.
- Creatividade, autonomía e iniciativa.
- Educación para a saúde e afectivo-sexual.
- Concienciación ambiental sobre o cambio climático, sustentabilidade e consumo responsable.
- O respecto pola diversidade e a cooperación entre iguais.
- A resolución pacífica de conflitos e os valores democráticos (liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, paz, dereitos humanos).

Todos estes elementos transversais serán incorporados ao longo das escolarización obrigatoria e postobrigatoria nas programacións didácticas dos departamentos tendo en conta os seguintes criterios:

1. Nas diferentes materias e cursos tratarase de adoptar as medidas necesarias para compensar as carencias que poidan existir nas competencias relacionadas coa comprensión lectora e a expresión oral e escrita.
2. Dende as materias potenciarase entre o alumnado e profesorado a utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación e o uso dos medios audiovisuais como medio do proceso de ensino-aprendizaxe.
3. Fomentarse entre o alumnado a participación e responsabilidade social e individual nos órganos de representación.
4. Afianzaranse o espírito crítico e científico a través do análise e rexeitamento de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas, mantendo unha actitude escéptica e racional.
5. En todos os niveis fomentarse entre o alumnado a participación en actividades que lle permitan comprender a importancia da igualdade efectiva entre varóns e mulleres, a prevención da violencia de xénero e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera razón.
6. Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e os estereotipos que supoñan a discriminación por calquera razón, favorecendo a visibilidade e o respecto á diversidade sexual e afectiva-familiar.
7. A creatividade, autonomía e iniciativa será un elemento clave de todas as materias ao longo da escolarización do alumnado.
8. A promoción de hábitos de saúde e hixiene desenvolverase dende todos os ámbitos educativos do centro.
9. O longo das diferentes etapas alumnado deberá ser capaz de reflexionar criticamente sobre problemas ambientais cunha perspectiva tanto local como global e os retos inherentes da sociedade actual e futura.
10. A responsabilidades individual e colectiva será un factor prioritario transversal a todas as materias e niveis, tendo como elementos o respecto a diversidade, a cooperación entre iguais, a resolución pacífica de conflitos e o fomento dos valores democráticos.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Tras considerar todo o anterior, a metodoloxía a empregar de forma prioritarias será activa, participativa, aberta e flexible, utilizando as tecnoloxías da información e comunicación e os avances que se produzan na contorna como elementos prioritarios. Polo tanto, a metodoloxía será variada dende a clase maxistral para dotar dos coñecementos necesarios e iniciar ao alumnado nos métodos de investigación ata a realización de tarefas e actividades cooperativas ou por proxectos, tanto individuais como en grupo, valorando sempre cal é o método máis adecuado para a consecución dos obxectivos e a adquisición das competencias clave. Queda aberta a concreción das metodoloxías as programacións didácticas dos diferentes departamentos adaptadas o desenvolvemento particular e característico das materias.

A metodoloxía a empregar verase condicionada polas características do alumnado, tomando como base os seus coñecementos previos e a súa actitude para desenvolver unha secuencia adecuada de tarefas, actividades e clases adaptadas as circunstancias do propio grupo como colectivo, como a propia diversidade individual do alumnado que deberá ser tida en conta e adaptada as circunstancias de cada momento polo profesorado de cada materia. Teranse en conta no deseño da metodoloxía os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA).

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O centro terá a disposición de todo o profesorado, departamentos e materias unha serie e de materias e recursos didácticos que con carácter xeral será utilizado para a consecución dos obxectivos de cada etapa e a adquisición das competencias clave. As programacións didácticas dos diferentes departamentos recollen os diferentes recursos e materiais que serán utilizados no proceso de ensinanza-aprendizaxe, e que serán seleccionados polos departamentos en función da súa adecuación aos principios metodolóxicos xerais establecidos neste documento e os específicos de cada materia que se recollen nas programacións didácticas.

O centro dispón dos seguintes espazos:

- Aulas comúns. Todas elas dispoñen de ordenador e de equipo de proxección audio visual.
- Aulas de desdobre. Case todas dispoñen de ordenador e de equipo de proxección audio visual.
- Un Polo Creativo.
- Unha aula de radio
- Dúas aulas de informática.
- Tres aulas de xestión administrativa.
- Tres aulas de Atención a persoas en situación de dependencia
- Unha aula de automoción.
- Unha aula de apoio.
- Unha aula de convivencia.
- Laboratorio de Física.
- Laboratorio de Química.
- Laboratorio de Ciencias Naturais.
- Un taller de Tecnoloxía.
- Un taller de automoción
- Un taller de carrocería.
- Dúas saulas de Educación Plástica e Visual.
- Unha aula de Música.
- Un Ximnasio.
- Unha pista polideportiva cuberta de 700 m².
- Biblioteca
- Dúas salas de profesores.
- Salón de actos con escenario.
- Departamentos didácticos (Administrativo-Fol-Economía Atención a Persoas en Situación de dependencia, Automoción, Artes Plásticas, Ciencias, Educación Física, Física e Química, Filosofía, Idiomas, Latín, Lingua Española, Lingua Galega, Matemáticas, Relixión, Xeografía e Historia e Orientación).
- Despachos do equipo directivo.
- Outras dependencias: unha secretaría, dúas conserxerías, dependencias menores que fan as funcións de almacéns ou arquivos, baños para o alumnado e docentes.
- Patio de recreo de 1000 m²

- Unha cafetería

En canto os recursos materias o centro dispón de fotocopiadora-impresora en cada conserxería, en secretaría e na sala de profesores do edificio 1, coleccións de materias didácticos científicos.... elixidos e producidos polos diferentes departamentos.

En canto os criterios de elección de materiais e recursos didácticos establécense con carácter xeral os seguintes:

1. Os obxectivos da etapa.
2. As situacións educativas concretas de cada materia.
3. O nivel de desenvolvemento do alumnado e a súa diversidade, atendendo ao Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA)
4. A disposición do material e o seu uso.
5. A finalidade pedagóxica.
6. O contexto educativo do centro.
7. A inclusión de elementos transversais.
8. A adecuación ós criterios de avaliación establecidos nas programacións.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

f.1. Criterios de oferta educativa do centro.

A oferta educativa nos cursos impares queda establecida polo Decreto 156/2022 para ESO e polo Decreto 157/2022 para bacharelato. En canto os cursos pares as materias quedan establecidas no Decreto 86/2015 ofertándose os itinerarios establecidos e as materias troncais e optativas fixadas no Decreto. En canto as materias de libre configuración:

En 2º da ESO son:

- Oratoria
- Iniciación a Robótica
- Información e Tratamento da Información
- Paisaxe e Sustentabilidade
- Promoción de estilos de vida saudable
- Programación

En 2º de Bacharelato son:

- Comentario de Texto
- Roma a través do Cine

Para o resto de cursos e materias ofertaranse todas as materias optativas e de libre configuración que permite a lexislación vixente.

Os criterios para formación de grupo en canto a mínimo de alumnado e dispoñibilidade de profesorado serán os establecidos na normativa de referencia.

f.2. Criterios de formación dos grupos

De forma xeral, establécense os seguintes criterios para a formación de grupo co alumnado na ESO:

1º) En todos o cursos procurarase a formación de grupos heteroxéneos e diversos. De xeito particular, que sexa equilibrada a distribución de alumnado con necesidades educativas especiais e/ou necesidades específicas de apoio educativo.

2º) O Alumnado que repite curso estará repartido de xeito equitativo entre os grupos.

No Bacharelato, os criterios son os seguintes:

1º) Grupos en función da modalidade elixida.

2º) Segundo o número de alumnado matriculado en cada opción, poderanse formar grupos mixtos.

Excepcionalmente, e por motivos pedagóxicos, o alumnado poderá solicitar cambio de materias nas dúas primeiras semana do curso, de cordo coa normativa vixente. O procedemento de cambio de grupo é o seguinte:

1º) O alumnado entregará unha instancia en Xefatura de Estudos coa solicitude onde exporá o motivo de cambio de grupo/materias.

2º) Dirección e Xefatura de Estudos determinarán a autorización ou non do cambio de grupo/materia tendo en conta as circunstancias do centro, do grupo/materia e do alumnado.

3º) Dirección ou Xefatura de Estudos responderán ao alumnado autorizando ou non autorizando o cambio de grupo/materia, e a data efectiva de dito cambio.

f.3. Criterios de determinación e fixación de itinerarios e optatividade.

Os criterios de determinación e fixación de itinerarios e optatividade quedan condicionados á oferta académica que indiquen os departamentos didácticos e sexan aprobados pola reunión da CCP na que se propoñan e aproban as

materias do curso seguinte.

A oferta final de itinerarios e optatividade virá condicionada tamén polo que determine a normativa vixente en canto a mínimos de alumnado e dispoñibilidade do profesorado.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Nas programacións dos departamentos incluíranse as actividades complementarias e extraescolares.

g.1. Diferenza entre actividades complementarias e extraescolares.

As actividades escolares complementarias son as que se realizan para completar o complementar o currículo. Son organizadas durante o horario escolar polos centros, acorde coa súa concreción curricular, e teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, espazo ou recursos que utiliza. Son actividades lectivas desenvolvidas polos centros coherentes co seu Proxecto Educativo. Para a súa planificación e aprobación establécese o principio de conexión cos obxectivos propostos para cada etapa, ciclo/curso e nivel, e, ademais, contan coa premisa de inclusión das mesmas dentro das programacións de aula, primando na selección destas actividades o criterio de rendibilidade pedagóxica. Nelas normalmente o docente *¿*traslada a aula a outro lugar*¿* ou *¿*busca un aula alternativa*¿*.

As súas características principais poden considerarse as seguintes:

a) Son obrigatorias para o alumnado e forman parte do currículo, por tanto, son avaliadas e están dentro do horario lectivo.

b) Carecen de carácter lucrativo. Moitas veces non son gratuítas e teñen intrínseca unha responsabilidade civil porque se desenvolven fora do recinto escolar; por conseguinte, aínda que obrigatorias, os pais ou titores legais poden negarse a que as realice o seu fillo/a. Neste caso, o alumnado deberá ser atendido no centro de xeito que teña as mesmas posibilidades de adquisición do currículo que os seus compañeiros que as están realizando.

c) Son de obrigado cumprimento para o profesorado.

d) Previamente terán que ser aprobadas polo Consello Escolar do centro, reflectidas nas Programacións e na PXA.

As actividades extraescolares son as que se realizan dentro ou fora do centro e non forman parte do currículo, pero deben ser coherentes co Proxecto Educativo. Son as encamiñadas a potenciar a apertura do centro a súa contorna e a procurar parte da formación integral do alumnado en aspectos referidos a ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade ou ao uso do tempo libre. As súas características poderían resumirse en:

a) A maioría teñen un custo económico e están fora do ámbito educativo.

b) Non deben conter ensinanzas incluídos na programación educativa de cada curso, nin poderán ser avaliadas a efectos académicos.

c) Non terán ánimo de lucro.

d) Necesitan da aprobación do Consello Escolar e deberan comunicarse aos Servizos Territoriais correspondentes.

e) O seu custo non está determinado.

f) Teñen finalidade educativa.

g) Son voluntarias.

h) Non son de oferta obrigada. Os centros gozan de total autonomía para establecelas.

i) Non han de supor discriminación.

g.2. Planificación de Actividades Complementarias.

As actividades poderán ser propostas por calquera membro da comunidade educativa. En caso dunha actividade non incluída na citada programación, esta terá que ser aprobada pola Dirección previamente a súa realización.

As actividades comunicaranse a persoa responsábel das actividades complementarias e extraescolares. O órgano encargado da coordinación destas actividades é a Vicedirección.

Tras informar a Vicedirección, cando a actividade estea debidamente autorizada por Dirección e Consello Escolar, comunicárase ao/a titor/a e equipo docente do curso que as realizará, con tempo suficiente para non alterar, na medida do posible, o funcionamento normal do centro. A comunicación ó resto do profesorado realizarase no taboleiro de anuncios que para o efecto existe na Sala de Profesores, así como por correo electrónico e outros medios telemáticos dispoñibles.

g.3. Organización de Actividades Complementarias e Extraescolares.

A organización corresponde ao propio centro. As actividades programadas serán organizadas polos departamentos didácticos ou as titorías, xunto coa persoa responsábel das actividades complementarias e extraescolares. Ambos atenderán aos aspectos organizativos (calendario da actividade, xestión do medio de transporte, entradas a museos, teatros, autorizacións etc...), sendo os distintos departamentos os que se ocupen das cuestións didácticas (por exemplo, a elaboración dun guión de traballo...).

Toda actividade que se desenvolva fora do centro requirirá a autorización do pai, nai ou titor/a legal. Na devandita

autorización debe de constar o nome da actividade, prezo, día, lugar e duración da mesma. Os profesores acompañantes, preferiblemente, pertenceran ao departamento que organiza a actividade ou, na súa falta, o/a titor/a ou profesor/a do equipo docente do grupo. Tamén os profesores de outros departamentos, poderán acompañar na realización de actividades.

O cociente de profesorado acompañante establecerase nunha proporción de un/ha profesor/a por vinte alumnos/as, establecéndose un mínimo de dous docentes por actividade. No caso de actividades no estranxeiro pode establecerse un mínimo de tres docentes. A Dirección do centro poderá establecer extraordinariamente un cociente superior. Previo a realización da actividade, os/as responsábeis da mesma deberán entregar en Vicedirección unha lista do alumnado participantes e o nome do docente acompañante.

Todo o alumnado ten dereito a participar nas actividades que se programen para o seu nivel salvo que este sancionado. O Centro porá os medios axeitados para o desenvolvemento das actividades curriculares. O alumnado poderá perder o seu dereito para participar en actividades extraescolares e complementarias cando haxa motivos disciplinarios, establecendo un mínimo de 3 faltas leves nos 3 últimos meses antes da realización da actividade. Perderá o dereito as actividades extraescolares e complementarias o alumnado que teña unha falta grave ou apertura dun expediente. A última palabra e criterio de inclusión na actividade de alumnado conflictivo queda a criterio do equipo docente dos grupos, o equipo directivo e o profesorado acompañante, sendo unha decisión inapelable.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

h.1. Recuperación total ou parcial de materias na Avaliación Final para o alumnado da ESO

Dacordo co establecido na Orde de 25 de Xaneiro de 2022 na que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Secundaria e Bacharelato, Capítulo III, punto 8, o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

Para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes ou a totalidade sen superar logo de realizada a 3ª avaliación parcial, o equipo docente realizara un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades para a recuperación da materia na avaliación final. Este informe será realizado polo profesorado de cada materia, co asesoramento, cando sexa preciso, do Departamento de Orientación. A persoa Titora entregará o informe xunto co boletín de cualificacións da 3ª avaliación. Acreditarase a recepción do mesmo por parte da familia. No ANEXO I incorpórase o modelo de informe orientativo.

Os criterios para o deseño plans de reforzo e recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbito ou módulos pendentes de cursos anteriores terán en consideración os seguintes aspectos.

Despois da avaliación final de curso na que se determina que a materia vai quedar pendente o docente responsable da materia emite un informe, que seguirá o formato indicado no ANEXO II, que recollerá a proposta para o plan de reforzo para a recuperación da materia pendente no curso seguinte.

h.2. Plan de reforzo de pendentes da ESO.

O plan de reforzo de pendentes da ESO será elaborado polo profesorado que imparte a materia que o alumnado teña pendente en colaboración coa xefatura de departamento, seguindo o modelo do ANEXO II.

No caso de que o alumnado de non teña esa materia no curso académico, o plan de reforzo de pendentes poderá ser elaborado polas xefaturas de departamento, baixo as directrices establecidas polo correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias, adaptándose ás particularidades de cada alumnado destinatario. O departamento velará pola realización do plan por parte do alumnado.

O plan de reforzo de pendentes da ESO terá como base o informe individualizado do curso anterior.

Para a recuperación de pendentes se seguirán os seguintes criterios:

1º) A atención do alumnado con materias pendentes corresponderá á xefatura de departamento e o docente da materia, que deberá ter toda a información que precise do alumnado.

Cada departamento xestionará o seu propio plan de recuperación

2º) Nas primeiras semanas do curso, entregaráselle ao alumnado da ESO, acreditando o coñecemento por parte da familia, un plan para a recuperación de materias pendentes, no que se indicará, entre outros:

- Os contidos,

- Os instrumentos e criterios de avaliación,

- As actividades a realizar na materia pendente coa súa temporalización,

- procedemento para o seguimento da progresión na preparación e recuperación da materia. este seguimento reflectirase mediante a correspondente cualificación en cada avaliación.

3º) Poderanse marcar tempos e espazos para atención de dúbidas e seguimento da evolución do plan ou

programado.

4º) En cada sesión de avaliación farase o seguimento deste plan, facendo os axustes que procedan, ata a avaliación final do curso no que estea escolarizado o alumnado, na que o docente da materia pendente ou o/a xefe/a de departamento decidirá se obtén avaliación positiva no plan de reforzo correspondente. Neste informe recollerase a situación do alumnado tomando como base o currículo da materia, e debe recoller os obxectivos e competencias nos que o alumnado non acadou o nivel, os criterios de avaliación e as actividades de recuperación necesarias para logralo no curso académico seguinte.

h.3. Programa individualizado de Bacharelato.

No caso do alumnado de Bacharelato, cada departamento actuará conforme teña previstos nas súas programacións didácticas para a recuperación de materias pendentes.

Ao alumnado que promocióne con materias suspensas deberáselle definir un programa individualizado onde se inclúan as actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente en cada unha delas, destinado á súa recuperación, segundo o modelo do ANEXO II.

A CCP organizará as datas dos exames das materias correspondente a avaliación ordinaria do alumnado con materias pendentes de 2º Bacharelato.

O alumnado que non a supere a materia pendente na sesión de avaliación ordinaria, terá dereito a unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar.

No caso do alumnado de Bacharelato, cada departamento actuará conforme teña previstos nas súas directrices e nas programacións didácticas.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

i.1. Criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.

Os criterios para o deseño de plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso terán en consideración os seguintes aspectos.

1º) Na avaliación final do curso anterior indícarase o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, indicando en que materias deberá ter reforzo ou exención por decisión colexiada do equipo docente de ser o caso.

2º) Na avaliación inicial poderá modificarse dito acordo en base os criterios legais establecidos para ese curso se fora necesario e o criterio do profesorado de cada materia. O profesorado especialista indícará o plan de reforzo para a súa materia de considerarse o caso.

3º) O profesorado de cada materia indícará os aspectos de reforzo específicos da súa materia que serán incorporados no plan de reforzo segundo o indicado no ANEXO III que será revisado polo departamento de Orientación que compilará a información dos diferentes docentes, nun só documento e será entregado a Xefatura de Estudos. Os prazos serán establecidos por Xefatura de Estudos segundo indique a normativa vixente e o que indique Inspección Educativa.

i.2. Criterios para o deseño dos reforzos educativos durante o curso.

Os criterios xerais para establecer e deseñar os reforzos educativos e apoios para o alumnado aprobados no claustro do 6 de xuño de 2018 son:

1º) Reunión en xuño/xullo con orientadores/as dos centros adscritos onde se presenta ao alumnado procedente de 6º ou onde xa se fai, pola súa parte, unha primeira proposta para as exencións de Francés e tamén presenta a aquel alumnado que tivo reforzo educativo ou adaptacións curriculares durante algún momento de primaria.

2º) Estudo do expediente académico do alumnado, observando materias pendentes, cualificacións e reforzos que puidesen ter na Educación Primaria.

3º) Realizar probas psicopedagóxicas por parte do departamento de orientación ao alumnado de 1º ESO, de cara a ter máis información sobre o mesmo na primeira avaliación, onde se contrastan os resultados coas opinións do profesorado das diferentes materias, e así establecer o listado definitivo do alumnado con necesidades educativas e as medidas de reforzo establecidas que poderán modificarse ao longo do curso segundo as necesidades que vaian xurdindo e a evolución do alumnado.

4º) No tócate ao alumnado de 2º, 3º e 4º de ESO, os criterios son similares, predominando a continuidade das medidas propostas en cursos anteriores se aínda se ve a necesidade de continuar coas mesmas. En todos os casos, a decisión da proposta tomarase desde a sesión de avaliación inicial co informe favorábel do/a titor/a e de orientación.

5º) Os/as tutores/as e o departamento de orientación elaborarán un listado detallado e motivado que entregarán o xefe/a de estudos. Dito listado deberá ser actualizado cando sufra variacións de calquera tipo.

6º) O plan de reforzo terá o formato indicado no ANEXO IV.

7º) A información do listado de alumnado ou o plan de reforzo será entregado a Inspección Educativa segundo

determine a normativa vixente.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

O artigo 28 do Decreto 155/2022 para ESO e o artigo 26 do Decreto 156/2022 para Bacharelato sinalan o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva co fin de garantir que o rendemento, esforzo e dedicación do alumnado sexan valorados e recoñecidos conforme a criterios establecidos de forma obxectiva por parte dos centros docentes.

j.1. Criterios xerais para avaliación da ESO.

Segundo o Decreto 156/2022 no seu artigo 24 a avaliación nos cursos impares da ESO seguirá os criterios seguinte:

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.
2. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.
3. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso do alumnado non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo.
4. A avaliación das aprendizaxes do alumnado terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.
5. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos anexos II e III.
6. Na avaliación, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
7. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

Tendo en conta o anterior, para os cursos impares considéranse os seguintes criterios xerais de avaliación:

1. A valoración do grao de adquisición de competencias clave e o logro dos obxectivos serán os criterios de avaliación establecidos nas programacións didácticas de cada departamento. No caso do alumnado con adaptación curricular serán os especificados en dita adaptación.
2. A avaliación do proceso de aprendizaxe da ESO será continua, formativa e integradora.
3. Cando o progreso do alumnado non sexa adecuado poderán establecerse medidas de reforzo educativo có fin de garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo. As medidas serán adaptadas tan pronto se detecten as dificultades tendo en conta o criterio do profesorado da materia e con especial seguimento en alumnado con necesidades educativas especiais.
4. A avaliación das aprendizaxes do alumnado terá un carácter continuo e formativo, sendo parte dun proceso de mellora e revisión dos procesos de ensino-aprendizaxe. As programacións didácticas establecerán indicadores de logro que permitan avaliar a práctica docente.
5. A avaliación é integradora e terá como referente a consecución dos obxectivos de etapa e o grao de adquisición das competencias clave. Isto poderá ser realizado de forma diferenciada tendo en conta os criterios de avaliación de cada materia.
6. As programacións didácticas indicarán os instrumentos de avaliación empregados que serán variados, diversos e adaptados segundo as situacións de aprendizaxe, e que permitirán unha valoración obxectiva de todo o alumnado. Os instrumentos deberán ter en conta e adaptarse ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

7. O equipo docente, coordinado dende titoría, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

j2. Criterios xerais para promoción da ESO.

Segundo o Decreto 156/2022 no seu artigo 25 a promoción nos cursos impares da ESO seguirá os criterios seguinte:

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do alumnado, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso do alumnado, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción do alumnado, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no ANEXO III das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación.

Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos neste artigo e no seguinte.

4. O establecido no punto anterior deste artigo será de aplicación para o alumnado que se incorpore a un programa de diversificación curricular a que se refire o artigo 22, naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumnado. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado. Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

6. A elaboración e o seguimento do plan de reforzo e do plan específico personalizado a que se refiren os puntos anteriores realizarase de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

7. En todo caso, o alumnado poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1.

8. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

Tendo en conta o anterior, para os cursos impares considéranse os seguintes criterios xerais de promoción:

1. A promoción de curso será decidirá na sesión de avaliación final. A decisión será adoptada de xeito colexiado tendo en conta ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave e á valoración das medidas que favorezan o progreso do alumnado, tendo en conta os criterios de promoción determinados nesta concreción curricular.

2. Promociona o alumnado que supere as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias. Neste computo teranse en conta as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

3. No caso do alumnado con máis de dúas materias non superadas o equipo docente reunido en sesión de avaliación final poderá decidir a promoción do alumnado cando se cumpran TODAS as condicións seguintes:

3.1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea

matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

3.2. Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos para cada materia ou ámbito con avaliación negativa non sexa superior a dez. Non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición neste computo.

3.3. Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

3.4. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

3.5. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

4. A decisión será colexiada e adoptada na avaliación final do curso. De non existir unanimidade, decidirse con votación por maioría simple entre os docentes presentes de materias nas que o alumnado este matriculado.

5. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación como queda establecido nun apartado anterior deste concreción curricular. Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación e recollido en ditos planes.

6. Todos estes criterios serán de aplicación para o alumnado que se incorpore a un programa de diversificación curricular, naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

7. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

8. A permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas, tal e como queda establecido nun punto anterior deste concreción curricular. Estas condicións recolleranse nun plan de reforzo personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado segundo o ANEXO IV deste documento. Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

9. A elaboración e o seguimento do plan de reforzo e do plan específico personalizado a que se refiren os puntos anteriores realizarase de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación e na concreción curricular do centro.

10. En todo caso, o alumnado poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade.

11. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

Debido a situación de normativa vixente de dúas leis, no curso 2022-2023, para os cursos pares da ESO os criterios de promoción do alumnado de curso seguirán sendo os establecidos na concreción curricular aprobada polo claustro o 4 de abril de 2022 seguindo as disposicións da Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. Tendo en conta isto os criterios de promoción do alumnado na ESO para os cursos pares quedan como seguen:

1. Promociona o alumnado que supere as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias. Neste computo teranse en conta as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

2. O equipo docente reunido en sesión de avaliación final poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno cando cumpran TODAS as condicións seguintes:

2.1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

2.2. Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

2.3. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

2.4. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3. En caso de que non exista unanimidade decidirse con votación por maioría simple entre os docentes presentes que lle imparten clase).

4. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

5. En todo caso, o alumnado poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade.

6. A permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan de reforzo personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado segundo o ANEXO III deste documento.

7. O alumnado que promocióne de curso con materias con avaliación negativa seguirá un plan de reforzo de pendentes segundo o modelo do ANEXO I.

8. A elaboración e o seguimento do plan de reforzo de pendentes (ANEXO I) e do plan específico personalizado (ANEXO III) a que se refiren os puntos anteriores realizarase de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación e na concreción curricular do centro.

j.3. Criterios xerais para titulación na ESO.

Segundo o Decreto 156/2022 no seu artigo 26 a obtención do graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria seguirá os seguintes criterios:

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do alumnado, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte d alumnado, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente o alumnado adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.

c) Que a xuízo do equipo docente o alumnado alcanzase os obxectivos da etapa. Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

3. O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirse sen cualificación.

4. O alumnado recibirá, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.

5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase, de acordo co currículo establecido neste decreto e nos termos que dispoña a consellería con competencias en materia de educación.

6. De conformidade co establecido no artigo 25.7 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria, a superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo formativo de grao básico conducirá á obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

Tendo en conta o anterior, considéranse os seguintes criterios xerais de titulación para ESO:

1. Tras o proceso de avaliación final do 4º curso da ESO adoptarase de xeito colexiado polo equipo docente e como consecuencia do proceso de avaliación a decisión de titulación do alumnado. A decisión atenderá ao grado de adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa tendo como referencia os criterios de avaliación fixados nas programacións didácticas e nas adaptacións curriculares e nestes criterios de titulación.

2. Obterá o título de graduada ou graduado en ESO o alumnado que supere todas materias ou os ámbitos cursados.

3. O equipo docente reunido en sesión de avaliación final poderá decidir a titulación dunha alumna ou dun alumno cando cumpran TODAS as condicións seguintes:

3.1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

3.2. Que o equipo docente considere que o alumnado ten adquiridas as competencias establecidas no perfil de saída.

3.3. Que o equipo docente considere que o alumnado alcanzase os obxectivos da etapa.

3.4. Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos para cada materia ou ámbito con avaliación negativa non sexa superior a dez. Non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición neste computo.

3.5. O número de materias e a tipoloxía non determinará a titulación ou non titulación do alumnado, queda fixado como criterio de titulación a suma dos períodos lectivos semanais co criterio común para promoción e titulación.

4. O alumnado que, tras finalizar o proceso de avaliación de 4º ESO, non obteña o título e supere os límites idade establecidos na normativa poderao facer nos 2 cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos non superados. As probas e actividades personalizadas extraordinarias quedarán establecidas acordo co currículo establecido e nos termos que dispoña a normativa.

Debido a situación de normativa vixente de dúas leis, no curso 2022-2023, para os cursos pares da ESO os criterios de titulación do alumnado de curso seguirán sendo os establecidos na concreción curricular aprobada polo claustro o 4 de abril de 2022 seguindo as disposicións da Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. Tendo en conta isto os criterios de titulación do alumnado na ESO quedan como seguen:

1. Obterá o título de graduada ou graduado en ESO o alumnado que supere todas materias ou os ámbitos cursados.
2. O equipo docente reunido en sesión de avaliación final poderá decidir a titulación dunha alumna ou dun alumno cando cumpran TODAS as condicións seguintes:

2.1. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

2.2. Que o equipo docente considere que o alumnado ten adquiridas as competencias establecidas.

2.3. Que o equipo docente considere que o alumnado alcanzase os obxectivos da etapa.

3. Poderá titular o alumnado con Adaptación Curricular cando cumpra os criterios de cualificación indicados nese documento.

4. A superación da totalidade dos módulos dun ciclo de Formación Profesional Básica conducirá a obtención do título de graduado ou graduada na ESO.

j.4. Criterios de cálculo da media aritmética na ESO.

Segundo o Decreto 155/2022 no artigo 31 punto 2: ¿Para os efectos de promoción e de titulación a que se refiren os artigos 25 e 26, a nota media de cada curso do alumnado será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias e dos ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico, arredondada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior¿.

j.5. Criterios xerais para avaliación do Bacharelato.

Segundo o Decreto 157/2022 no seu artigo 22 a avaliación nos cursos impares do Bacharelato seguirá os criterios seguinte:

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa na avaliación das materias serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II.

2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

3. O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se o alumnado logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

4. O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que determine a consellería con competencias en materia de educación.

5. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Tendo en conta o anterior, para os cursos impares considéranse os seguintes criterios xerais de titulación para Bacharelato:

1. As programacións didácticas dos departamentos sinalaran os criterios de avaliación que serán os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa.

2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua, diferenciada, formativa e integral.

3. A avaliación será continuada e diferenciada segundo as diferentes materias como quedará establecido nas programacións didácticas de cada departamento.

4. A avaliación terá un carácter formativo sendo parte dun proceso de mellora e revisión dos procesos de ensino-aprendizaxe. As programacións didácticas establecerán indicadores de logro que permitan avaliar a práctica docente.

5. O profesorado de cada materia decidira na avaliación final se o alumnado logrou os obxectivos e acadou o adecuado grao de adquisición das competencias clave.

6. O alumnado que no supere algunha materia tras a avaliación final ordinaria terá dereito a realizar unha proba extraordinaria coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación. As datas da proba extraordinaria quedarán establecidas segundo determina a consellería na normativa correspondente.

7. Nas programacións didácticas estableceranse o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

8. Os instrumentos de avaliación permitirán unha valoración obxectiva de todo o alumnado e garantirán que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

j.6. Criterios xerais para promoción do Bacharelato.

Segundo o Decreto 157/2022 no seu artigo 25 a avaliación nos cursos impares do Bacharelato seguirá os criterios seguinte:

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do alumnado adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

2. O alumnado acadará a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros docentes organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes no marco organizativo que estableza a consellería con competencias en materia de educación e tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

4. O alumnado do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

5. A superación das materias de segundo curso que se indican no ANEXO III estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade. Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumnado cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

6. O alumnado que ao termo do segundo curso teñan avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursaren de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que o alumnado tiverse superado previamente.

7. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que o alumnado que cursase o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade ou vía poida pasar ao segundo curso nunha modalidade ou vía distinta, así como o cambio de materias.

Tendo en conta o anterior, para os cursos impares considéranse os seguintes criterios xerais de titulación para Bacharelato:

1. Ao finalizar 1º de bacharelato, como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do alumnado adoptará a decisión sobre a súa promoción de curso.

2. O alumnado acadará a promoción de curso en bacharelato cando supere as materias cursadas ou teña avaliación negativa en 2 materias como máximo.

3. O alumnado que promociione con materias pendentes deberá matricular delas e cursalas ao longo do segundo curso. As programacións didácticas dos departamentos establecerán e organizarán as actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta a normativa vixente e que será recollido nun programa individualizado segundo o modelo do ANEXO II. A avaliación das materias pendentes será anterior á avaliación das materias de segundo curso.

4. O alumnado que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricular de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

5. A superación das materias de 2º de bacharelato que se indican na táboa estará condicionada á superación das correspondentes materias de 1º de bacharelato, por implicar continuidade.

6. O alumnado poderá matricularse de materias troncais de opción ou específicas de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumnado reúna as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

7. O alumnado que teña avaliación negativa nalgunha materia ao termo do segundo curso poderá matricularse sen necesidade de cursar de novo as materias superadas mantendo as notas das materias con avaliación positiva. De forma optativa, o alumnado poderá repetir o curso completo, neste caso non se manterán as notas de materias con avaliación positiva superadas previamente.

8. As condicións de cambio de modalidade ou cambios de materias quedará establecido pola consellería con

competencias en materia de educación.

j.7. Criterios xerais para titulación de Bacharelato.

Segundo o Decreto 157/2022 no seu artigo 24 os criterios de titulación de bacharelato serán os seguintes:

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias clave correspondentes.

2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel do alumnado que superase todas as materias, agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que o alumnado alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte do alumnado.

c) Que o alumnado se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

4. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida. Esta obterase calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, redondeada á centésima.

5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

Tendo en conta o anterior, considéranse os seguintes criterios xerais de titulación para bacharelato:

1. Obterá o título de bacharel o alumnado teña avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

2. De forma excepcional, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel polo alumnado que superase todas as materias, agás unha, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

2.1. Que o equipo docente considere que o alumnado alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.

2.2. Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte do alumnado na materia.

Considérase inasistencia cando o alumnado supere o 10% de faltas de asistencia o longo do curso do total de materias matriculadas, ou o 10% de faltas de asistencia do horario total da materia con avaliación negativa. Para o computo de faltas, considerase de forma xeral que tres faltas de puntualidade contarán como unha faltas de asistencia.

2.3. Que o alumnado se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, que serán as que figuren nas programacións didácticas, incluídas as da convocatoria extraordinaria. A non realización das actividades establecidas da materia con avaliación negativa ou a realización de probas en branco en dita materia considérase como non presentado a efectos de titulación.

2.4. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

Debido a situación de normativa vixente de dúas leis, no curso 2022-2023, para os cursos pares do Bacharelato os criterios de titulación do alumnado de curso seguirán sendo os establecidos na concreción curricular aprobada polo claustro o 4 de abril de 2022 seguindo as disposicións da Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. Tendo en conta isto os criterios de titulación do alumnado no Bacharelato quedan como seguen:

1. Obterá o título de bacharel o alumnado teña avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

2. De forma excepcional, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel polo alumnado que superase todas as materias, agás unha, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

2.1. Que o equipo docente considere que o alumnado alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.

2.2. Que o alumnado non teña inasistencia continuada e non xustificada, non podendo superar o 10% do horario lectivo da materia con avaliación negativa sen xustificar.

2.3. Que o alumnado se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, que serán as que figuren nas programacións didácticas, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

2.5. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se

requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

3. Obterá o título de Bacharel aquel alumnado que desde un Ciclo Medio ou Ciclo superior supere determinadas materias comúns e específicas segundo a modalidade.

j.8. Datas das avaliacións na ESO e no Bacharelato.

Tendo en conta a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, queda fixado un calendario de avaliacións que foi aprobado no claustro do 1 de setembro de 2022 (ANEXO 6). O calendario queda exposto na páxina web do centro cunha excepción, o calendario de avaliación final de 2º de Bacharelato que deberá establecer cando a normativa do curso 2022-2023 sexa aprobada. Excepcionalmente, as datas poderán ser modificadas ao longo do curso. O calendario terá os seguintes criterios:

1. A avaliación inicial da ESO farase a finais de setembro ou mediados de outubro.

2. A primeira avaliación realizarase na última semana antes das vacacións de Nadal e a entrega de notas, no último día de clases.

3. A segunda avaliación realizarase na semana anterior a Semana Santa e a entrega de notas, no último día de clases.

4. A terceira avaliación da ESO realizarase na primeira semana de xuño e as notas entregarse esa mesma semana.

5. A avaliación ordinaria da ESO realizarase no mes de xuño a partir do último día de curso. A entrega de notas realizarase a partir do último día de curso e despois da avaliación ordinaria.

6. A terceira avaliación e avaliación ordinaria de 1º de Bacharelato realizarase na primeira semana de xuño e as notas entregarse esa mesma semana.

7. A terceira avaliación e avaliación extraordinaria de 2º de Bacharelato estará suxeita ao calendario establecido pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), estas datas deben cambiarse, axustando a avaliación ordinaria de ser o caso a data límite que establezan no seu calendario, podendo adiantar a segunda avaliación para equilibrar o número de días de clase por trimestre.

8. A avaliación extraordinaria de Bacharelato realizárase nas últimas semanas de xuño segundo estableza a normativa.

j9. Deseño da Avaliación Inicial.

O Departamento de Orientación colaborará co profesorado e os titores e titoras do grupo no desenvolvemento da Avaliación Inicial, contribuíndo a detección temperá de necesidades, e no deseño das precisas medidas de atención á diversidade, proporcionando a información necesaria sobre o alumnado.

Na xunta de avaliación inicial propóranse as medidas organizativas, educativas, de reforzo e de atención a diversidade para cada alumnado que as precise, sen prexuízo de que algunhas medidas estean xa implantadas desde principio de curso cando xa se coñece ou detecta a necesidade.

Os titores e titoras farán consta no XADE as medidas adaptadas de ser o caso.

j10. Criterios para derivación do alumnado a Programa de Mellora de Aprendizaxe e do Rendemento ou Formación Profesional Básica.

O centro neste curso 2022-23 ten programa de mellora de aprendizaxe e do rendemento (PMAR) pero non ten o primeiro curso do programa de diversificación curricular (PDC). Orientación e o equipo docente poderá propor que, para o curso 2023-24, se configuren grupos de PDC conforme a normativa vixente, e sempre que se acaden os número mínimo de alumnado proposto.

No curso 2023-24 o alumnado que na actualidade cursa 2º da ESO ao través do PMAR poderá incorporarse de xeito automático ao primeiro curso dun programa de diversificación curricular para cursar 3º da ESO, sempre que se dean as condicións para a súa incorporación e o número de alumnado sexa suficiente para constituír grupo.

No tócate a incorporación do alumnado a Formación Profesional Básica (FPB), ademais dos criterios formais establecidos na normativa reguladora, considerarase moi importante a actitude e as motivacións que manifesta ante as aprendizaxes.

De forma xeral, tanto para PDC como FPB, a decisión da proposta tomarase nas Xuntas de Avaliación Ordinaria e Extraordinaria co informe favorábel do/a Titor/a e de Orientación

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

O Decreto 155/2022 no artigo 31 punto 2 sinala que será ¿A consellería con competencias en materia de educación poderá arbitrar procedementos para outorgar unha mención honorífica ou matrícula de honra ao alumnado que demostren un rendemento académico excelente na etapa para a cal se outorga.¿. No caso de Bacharelato establece o artigo 29, punto 5 que será ¿A consellería con competencias en materia de educación poderá arbitrar procedementos para outorgar unha mención honorífica ou matrícula de honra ao alumnado que demostren un

rendemento académico excelente na etapa para a que se outorga.¿. Tendo en conta o anterior e segundo a concreción curricular aprobada polo claustro o 4 de abril de 2022 seguindo as disposicións da Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia establécense os seguintes criterios de outorgamento de Matrículas de Honra para ESO e Bacharelato:

k.1. Criterios de outorgamento de Matrículas de honra na ESO.

Poderá obter esta mención o alumnado que, logo da avaliación final, obtívase unha nota media do curso igual ou superior a 9 puntos en 4º ESO. En caso de empate, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:

1º.- Terase en conta a maior nota media da etapa redondeando á centésima.

2º.- Se existe empate terase en conta a maior nota media en 4º da ESO redondeando á centésima.

3º.- Se o empate persiste terase en conta o maior número de 10 na etapa.

4º.- Se existe empate terase en conta o maior número de 10 en 4º da ESO

5º.- Se o empate persiste terase en conta a maior nota nas competencias clave.

Esta mención será consignada nos documentos de avaliación do alumnado.

En caso de reclamación por desacordo con algunha cualificación final e a rectificación, de habela, afectase á obtención desta mención, a xunta de avaliación reunírase en sesión extraordinaria para revisar a relación.

k.2. Criterios de outorgamento de Matrículas de honra no Bacharelato.

Poderá concederse como máximo a un número de alumnas/os igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total do alumnado matriculado en 2º de Bacharelato. Poderá obter esta mención o alumnado que, logo da avaliación final ordinaria, obtívase unha nota media do curso igual ou superior a 9 puntos en 2º Bacharelato. En caso de empate, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:

1º.- Terase en conta a maior nota media da etapa (bacharelato) redondeando á centésima.

2º.- Se existe empate terase en conta a maior nota media en 2º de bacharelato redondeando á centésima.

3º.- Se o empate persiste terase en conta o maior número de notas con 10 en toda a etapa (bacharelato).

4º.- Se o empate persiste terase en conta o maior número de notas con 10 en 2º de bacharelato.

5º.- Se o empate persiste terase en conta a nota media en 2º de bacharelato calculada coas notas reais (redondeando á centésima) de cada unha das materias cursadas neste curso.

6º.- Se o empate persiste terase en conta a nota media calculada coas materias que cursaran en común o alumnado que optan ao desempate.

7º.- Se o empate persiste terase en conta a maior nota media da etapa da ESO Esta mención será consignada nos documentos de avaliación da alumna/o.

En caso de reclamación por desacordo con algunha cualificación final e a rectificación, de habela, afectase á obtención desta mención, a xunta de avaliación reunírase en sesión extraordinaria para revisar a relación.

I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Segundo a resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23, os departamentos didácticos elaborarán as programacións didácticas de cada materia tendo en conta o artigo 41:

1. O profesorado dos centros docentes, baixo a coordinación das xefaturas dos departamentos didácticos ou, de ser o caso, do profesorado titor ou coordinador de ciclo, desenvolverá o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada área, materia ou ámbito de cada curso do segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria ou de bacharelato que teña encomendada na organización docente do centro.

2. A programación didáctica, que será única para o mesmo nivel, deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente.

3. As programacións didácticas das áreas, materias ou ámbitos do segundo ciclo da educación infantil; do primeiro, terceiro e quinto cursos da educación primaria; do primeiro e terceiro cursos da educación secundaria obrigatoria, e do primeiro curso do bacharelato, incluírán en cada área, materia ou ámbito, polo menos, os seguintes elementos:

a) Introducción.

b) Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.

- Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación ou criterios de valoración, no caso de educación infantil.
 - Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, no caso da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
 - Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Transversal.
 - Concreción dos elementos transversais.
 - Actividades complementarias.
- h) Práctica docente.
 - Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
 - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Os centros docentes sostidos con fondos públicos deberán utilizar para a elaboración e o seguimento das ditas programacións a aplicación informática de programacións a que se refire o segundo parágrafo do artigo 4.2 da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. A dita aplicación informática tamén será utilizada para a entrega, a supervisión e a comprobación por parte das xefaturas de departamento ou, de ser o caso, do profesorado tutor ou coordinador de ciclo, así como por parte das direccións destes centros e da Inspección educativa. O acceso á dita aplicación informática de nome «Proens» realizarase a través do seguinte enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/proens>

4. As programacións didácticas das áreas, materias ou ámbitos do segundo, cuarto e sexto cursos da educación primaria, do segundo e cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria e do segundo curso do bacharelato, incluírán en cada área, materia ou ámbito, polo menos, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competencias.
- c) Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.
- d) Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábeis de:
 - 1º. Temporalización.
 - 2º. Grao mínimo de consecución.
 - 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación.
- e) Concrecións metodolóxicas.
- f) Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.
- g) Criterios sobre a avaliación e a cualificación.
- h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
- i) Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, de ser o caso.
- j) Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.
- k) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- l) Medidas de atención á diversidade.
- m) Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.
- n) Actividades complementarias programadas.
- ñ) Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Polo tanto, e tendo en conta esta concreción curricular deseñada a partir da concreción curricular aprobada polo claustro o 4 de abril de 2022 seguindo as disposicións da Orde do 25 de xaneiro de 2022, que establece os criterios xerais para a modificación das programacións didácticas do curso 2021-2022, os diferentes departamentos desenvolverán as programacións didácticas e o currículo segundo establece o artigo 41. Os departamentos sinalarán, como criterio xeral, nas súas programacións os indicadores de logro e os mecanismos de elaboración e avaliación das programacións. Na elaboración das programacións didácticas, a xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse da redacción da programación didáctica das diferentes materias que se integran o departamento. As programacións serán entregadas segundo o calendario que establece Xefatura de Estudos para o seu envío ao Servizo de Inspección Educativa.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas seguirá o seguinte protocolo:

- 1º Proposta motivada de participación do centro dirixida a Dirección elaborada polo departamento didáctico, profesorado ou comisión do centro.
 - 2º Claustro e CCP onde se informe e aprobe a participación polo profesorado e os departamentos didácticos.
 - 3º Consello Escolar onde se informe e aprobe a comunidade educativa.
 - 4º Elaboración da documentación e presentación da proposta nos prazos que estableza cada convocatoria.
 - 5º Informe final dirixido a Dirección de avaliación da participación o remate de ser o caso.
- Dirección poderá delegar o seguimento e avaliación da proposta en Vicedirección ou Xefatura de Estudos segundo corresponda.

Establécense os seguintes criterios xerais para a participación do centro en proxectos, plans ou programas:

1. Secuenciación e temporalización da proposta.
2. Grado de participación da comunidade educativa.
3. Lexislación aplicable, características e requisitos da convocatoria.
4. Análise da organización e funcionamento da proposta.
5. Liñas pedagóxicas e obxectivos a conseguir.
6. Efectos sobre a convivencia escolar e a equidade na educación.
7. Impacto sobre a participación e transparencia.
8. Beneficios sobre a prevención de riscos, do absentismo e do abandono educativo.
9. Fomento da calidade e do éxito escolar.
10. Mecanismos de avaliación e indicadores de logro da proposta.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento para revisión, avaliación e modificación da concreción curricular permite unha avaliación e seguimento da proposta curricular permanente e continua, o que habilita para a introdución de correccións ou modificacións que se consideren necesarias ou legalmente obrigatorias. O procedemento para revisión, avaliación e modificación terá dous tipos de procedementos:

n1. Procedemento ordinario.

O procedemento ordinario será o mecanismo de revisión, avaliación e modificación da concreción curricular a diferentes niveis cunha periodicidade anual. Os departamentos didácticos, a CCP, o claustro e o Consello Escolar farán un seguimento da concreción curricular que permitirá a revisión e avaliación, realizando propostas de modificación que serán aprobadas na CCP, claustro e Consello Escolar que terán lugar o final do curso 2022-2023. As propostas de revisión, avaliación e modificación deberán ser dirixidas con informe motivado a Dirección con 48 horas de antelación a data sinalada na convocatoria. As modificacións aprobadas por maioría en todos os órganos colexiados quedarán reflectidas coa data de aprobación na concreción curricular do curso seguinte na portada do documento. Os acordos concretos e modificacións quedarán tamén indicados con data no apartado correspondente.

n2. Procedemento extraordinario.

Cando as circunstancias o aconselle a Dirección pode convocar unha CCP, un claustro e un Consello Escolar extraordinarios ao longo do curso para introducir as modificacións que se consideren importantes ou urxentes. As condicións de urxencia serán unha modificación legislativa ou normativa que obrigue a modificación da concreción para axustala a legalidade. As condicións de importancia serán aquelas circunstancias que a comunidade educativa considere como tales en algún dos órganos colexiados do centro por maioría simple. As modificacións aprobadas por maioría en todos os órganos colexiados quedarán reflectidas coa data de aprobación na concreción curricular do curso seguinte na portada do documento. Os acordos concretos e modificacións quedarán tamén indicados con data no apartado correspondente.

A elaboración da concreción curricular terá como marco normativo a resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23. Ademais, para a súa elaboración, como sinala no artigo 40 punto 3, os centros docentes a aplicación informática de programacións que poña á disposición a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como para a entrega, supervisión e comprobación por parte da Inspección Educativa.

o) Outros apartados

1. Aprobación e publicidade

1. Aprobación.

A concreción curricular do centro nos diferentes apartados aprobouse en CCP, claustro e consello escolar extraordinario celebrados o día 11 de xaneiro de 2023.

2. Publicidade.

Dado que as programacións didácticas e a concreción curricular son públicas estarán a disposición da comunidade educativa unha vez revisadas e aprobadas a través dos seguintes medios:

1. Na páxina web do centro.

2. De forma impresa, previa solicitude por escrito, a recoller no centro.

3. De forma telemática, previa solicitude por escrito, a recoller no centro ou enviada por medios telemáticos.